

A I Gala do Libro Galego reivindica o carácter “estratéxico” do sector

Redacción | [@prazapublica](#)

Díxoo o presidente da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez: **o libro galego precisa un tratamento de “sector estratéxico”, como o que se lle recoñeceu na Lei do Libro aprobada no 2006**. Alén dun plan de apoio á rede de librarías, a recuperación dunha Consellería de Cultura co peso orzamentario e político que lle corresponde, unha implicación real da Consellería de Industria cun orzamento específico, a creación do varias veces demandado Instituto Rosalía de Castro de promoción da cultura, o apoio firme dos medios de comunicación públicos e, en fin, que a lectura sexa considerada “asunto de Estado”.

Foi na I Gala do Libro Galego, na que se fundiron, por primeira vez, -e non era “sen tempo”, tal como salientou o presentador da mesma, o xornalista Camilo Franco-, os premios da Gala das Letras da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, os da Noite da edición en Galicia da Asociación Galega de Editores e os Premios Irmandade do Libro da Federación de Librarías de Galicia. Mais non houbo grandes sorpresas, -a nivel discursivo, polo menos-, nuns galardóns que contaron coa actuación do grupo Áureas que, xunto ás intervencións de Franco, axudaron a axilizar o ritmo do acto.

Manuel Rivas levou o premio de narrativa por *O último día de Terranova* (Xerais). **Falou de amor e compromiso pola cultura, aínda que pediu un compromiso de tipo máis “paixonal”**. Con máis Eros por diante. María Lado non puido estar para recoller o seu premio, na modalidade de poesía, por *oso, mamá, si?* (Xerais). Manuel Bragado subiu ao escenario para agradecer o galardón do seu nome. María Solar emocionouse un pouco ao recibir o premio de literatura infantil e xuvenil por *O meu pesadelo favorito*, e **Antón Cortizas reclamou a recuperación da “cultura lúdica” na infancia ao recoller o galardón de teatro por *Xogando con gatos***. Fran Alonso levou o premio a proxecto literario en rede por *Poétic@*, e apelou á “conquista” da tecnoloxía desde a literatura e a cultura.

A gala foi tamén, -como adoitaba ser a Gala das Letras-, mostra de que a cultura galega é a base que a sustenta. Os creadores e creadoras. Os proxectos colectivos. Como Espazo Lectura, galardón á iniciativa cultural ou de fomento da lectura, iniciativa de dinamización cultural realizada en Gondomar. Ou *Lendo lendas, digo versos*, de Xosé Cobas, Antonio G. Teijeiro e A. Reigosa, gañador na modalidade de iniciativa bibliográfica. **Antonio G. Teijeiro remarcou que non debemos “esquecer a nosa tradición oral”**. En libro ilustrado, a obra escollida polo xurado foi *Cadros dunha exposición. Modest Mussorgsky*, de Xosé Cobas, con texto de José Antonio Abad (Kalandraka). En tradución foi *Mocidade*, de Joseph Conrad, traducido por Alejandro Tobar (Hugin e Munin), quen lembrou ás persoas “comprades libros en galego” e aos “correctores profesionais”.

En xornalismo cultural, o gañador foi o medio de comunicación *Sermos Galiza*. Os discursos máis reivindicativos viñeron, porén, quizais, das gañadoras do premio de ensaio, as responsables da editorial Apiario Dores Tembrás e Antía Otero, por *Poesía Hexágono. Ollada e experiencia*. Tembrás sinalou que o ensaio é un xénero que se prodiga pouco nun sistema que desterra “cada vez máis o uso da palabra ao anecdótico e o pensamento ao máis inmediato”. Tamén, curiosamente, o presentador da gala, **Camilo Franco, comentou, ao principio da mesma e no “ensaio” que fixo para que público e galardoados comprendesen como ía ser a recolla de premios, que “se cadra os escritores perdemos algo da nosa condición combativa”**.

A Asociación de Editores galegos celebrou tamén, -falando de combatividade-, os 25 anos da editorial Laiovento, que levou un dos premios honoríficos, xunto coa librería Pedreira -premio da Federación de Librarías-, e o autor catalán Pere Gimferrer, galardón Escritor Galego Universal da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. **Gimferrer citou a Jakobson e a relevancia que este concedeu á literatura medieval galego-portuguesa** e salientou a súa relación, como lector, cunha “literatura excelsa dun pobo excelso e admirable” como o galego.

Nunha liña confluyente, Cesáreo Sánchez apuntaba, xa na presentación da gala, que “cal é a dimensión que queremos que teñan estes premios que hoxe presentamos? A de engadir á necesaria visibilidade social que precisa o noso sistema literario nos seus escritores, editoriais e librarías premiados; tamén a carga simbólica de ser unha celebración feita por todo o sector como forma se reivindicar nun tempo da cultura da imaxe, do efémero e veloz, do curto prazo, **nun tempo de apagamento da cultura da palabra, no que parece que o libro está en desvantaxe por ter a calidade da interrogación do presente e de dar respostas ás necesidades humanas do medio e longo prazo**”.

“Este ciclo vital de comunicación entre escritor, editor, libreiro e lector non só achega calidade democrática á sociedade á que pertencemos, mais tamén facilita o coñecemento do ser colectivo que somos os galegos, é dicir, **existe ese ser colectivo chamado Galiza porque existen escritores que o soñan, editoras que publican e librarías que son lugares da comunicación entre o texto escrito e editado co lector**, como ágora ou íntima praza pública. Neste tempo no que se fala máis de marcas que de cultura, este acto é para nós a reivindicación da escrita literaria como ferramenta de íntimo coñecemento, de afirmación dese ser colectivo que levamos dentro e do que nos orgullamos que se chama Galiza”, concluíu.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.